



Unidade de Orixe: Servizo de Vías e Obras
Asunto: Informe oferta Técnica Sarria. LU-P-5713 (2024/CON_02/000043)
Destinatario: Servizo de contratación

Informe da oferta técnica presentada polos licitadores relativa á contratación da obra SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5713 "SARRIA (LU-546) - PIÑEIRA", P.K. 0+000 A 1+850 (2024/CON_02/000043).

ANTECEDENTES

Con data 14.06.2024 recíbese no Servizo de Vías e Obras documentación enviada polo Servizo de Contratación, e incluída no arquivo **"OFERTA TECNICA 2024_CON_02_000043.zip"**, para a contratación da obra SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5713 "SARRIA (LU-546) - PIÑEIRA", P.K. 0+000 A 1+850 (2024/CON_02/000043) achegada polas empresas licitadoras CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, GRUPO BASCUAS 2008 SL, EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU.

Dacordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para a contratación da obra, a oferta técnica deberá:

"CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

MEMORIA TÉCNICA:

O licitador deberá presentar unha memoria técnica relativa á execución da obra que inclúa como mínimo un Plan de obra, e no que se recollan os seguintes aspectos:

- *Actuacións previstas para a mellor organización da obra (ata 5 puntos), tomando en consideración a claridade e concreción da exposición en canto comprensión da solución técnica do proxecto.*
- *Medios atribuíbles á execución da obra (ata 5 puntos), tomando en consideración a adecuación dos mesmo ao obxecto da obra e a súa concreción no proceso de execución.*
- *Medios medioambientais propostos (ata 5 puntos), tomando en consideración a adecuación dos mesmos ao obxecto da obra e as súa concreción no proceso de execución e respecto o medio ambiente como valor engadido.*
- *Posible redución de prazos de execución (ata 5 puntos), tomando en consideración o análise do camiño crítico, as tarefas que o compoñen e a relación de precedencias entre actividades.*

A memoria non poderá exceder das 10 follas, polas dúas caras (20 páxinas), DIN A4, letra 12 Times New Roman 12. Non serán tidas en conta aquelas páxinas que excedan de dito número máximo.

A memoria técnica abranguerá como mínimo os aspectos anteriores, acompañados no seu caso, se o considera oportuno (fora do límite das follas establecido no parágrafo anterior), dos documentos necesarios que permitan a súa avaliación".

	IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Fecha y Hora	21/06/2024 09:44:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Página	1/5	



A redacción do informe é encomendada ao autor do proxecto José Fernández Parajes.

OBXECTO

O presente informe ten por obxecto a valoración das ofertas técnicas presentadas polas mercantis CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, GRUPO BASCUAS 2008 SL, EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU na licitación da obra SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5713 "SARRIA (LU-546) - PIÑEIRA", P.K. 0+000 A 1+850 (2024/CON_02/000043).

DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CONTRATISTA E ANÁLISE

Extensión e contido da memoria

A documentación presentada polas empresas é correcta en canto ao formato e á lonxitude requeridos no Prego.

Teñen en consideración todos os aspectos indicados no Prego.

Plan de Obra

As empresas presentan plans de obras nos que indican os rendementos considerados para a execución dos traballos, que se consideran axeitados para a execución das unidades incluídas no proxecto.

Actuacións previstas para a mellor organización de obra (ata 5 puntos) (entre paréntese puntuación parcial polos diferentes conceptos expostos)

En xeral todas as empresas desenvolven as actuacións previstas para a mellor organización da obra, dun xeito similar, amosando un coñecemento moi elevado do tramo afectado pola obra facendo varias visitas previas para comprobar "in situ" o estado actual do lugar (3,50 puntos).

Do estudo das unidades a executar e a organización dos traballos achegan a relación de empresas para ou subministración de materiais (produtos bituminosos, áridos,...) (Todas 1,00 punto).

Todas as empresan propoñen como farían os desvios nas distintas fases da obra durante a execución das obras (0,25 puntos para cada unha), agás CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL e EXCAVACIONES SANTIÑOS SL que non achegan nada e levan (0,00 puntos).

Todas as empresan establecen o tipo de sinalización nas distintas fases da obra (0,25 puntos para cada unha).

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL neste aspecto é de 4,75 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. neste aspecto é de 5,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL neste aspecto é de 4,75 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL neste aspecto é de 5,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU neste aspecto é de 5,00 punto.

	IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Fecha y Hora	21/06/2024 09:44:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Página	2/5	



Medios atribuíbles á execución da obra (ata 5 puntos) (entre paréntese puntuación parcial polos diferentes conceptos expostos)

Tanto os medios atribuíbles á execución da obra como a relación de medios técnicos presentados polas mercantís CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL e EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, son superiores aos medios mínimos a adscribir na execución da obra considerados necesarios na memoria xustificativa redactada polo autor do proxecto (4,50 puntos a cada unha das anteriores mercantís).

A empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL expón que ten personal cualificado para levar a cabo a obra, pero non son postos nominativos e moi xenéricos, polo que suscribe considerase unha descrición excasa a todos os efectos (1,00 punto). No caso da mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, a descrición e a relación do persoal é moi escueta (2,00 puntos). A mercantil OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. fai unha mellor descrición do personal e as súas funcións, non chegando a ser a mellor (2,5 puntos).

En canto os medios atribuíbles á execución da obra presentados polas mercantís GRUPO BASCUAS 2008 SL, OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU e OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L., son superiores aos medios mínimos a adscribir na execución da obra considerados necesarios na memoria xustificativa redactada polo autor do proxecto (1,50 puntos a cada unha das anteriores mercantís).

As empresas OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. e GRUPO BASCUAS 2008 SL propoñen medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos mediante un Plan de Control de Calidad (PAC) (0,25 puntos a cada unha das anteriores mercantís).

A empresas GRUPO BASCUAS 2008 SL e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU non necesitan subcontratar ningún traballo das obras (0,25 puntos).

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL neste aspecto é de 4,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. neste aspecto é de 4,25 puntos.

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL neste aspecto é de 4,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU neste aspecto é de 4,00 punto.

Medios medioambientais propostos (ata 5 puntos) (entre paréntese puntuación parcial polos diferentes conceptos expostos)

Todas as empresas desenvolven unha relación dos posibles impactos e as accións previstas para a súa minimización, agás GRUPO BASCUAS 2008 SL, que inclúe unha descrición moi somera das mesmas (1,00 punto para todas as empresas agás GRUPO BASCUAS 2008 SL que leva 0,25 puntos).

Todas as empresas indican o xestor de residuos. (1,00 punto para todas as empresas).

	IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Fecha y Hora	21/06/2024 09:44:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Página	3/5	



DEPUTACIÓN DE LUGO

Todas as empresas indican a situación dos posibles vertedoiros, agás OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (0,50 puntos para cada unha das empresas agás OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. que leva 0,00 puntos).

A empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU teñen en conta as zonas de protección e de afección medioambientais. (0,50 punto para cada unha das empresas).

Todas as empresas licitadoras agás OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU indican medidas de aforro enerxético (1,00 punto para todas as empresas agás OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU que levan 0,00 puntos).

Todas as empresas licitadoras agás OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. indican medidas para diminuír o consumo de materiais (1,00 punto para todas as empresas agás OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. que leva 0,00 puntos).

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL neste aspecto é de 4,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. neste aspecto é de 2,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL neste aspecto é de 4,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL neste aspecto é de 4,25 puntos.

A puntuación asignada á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU neste aspecto é de 4,00 punto.

Posible redución dos prazos de execución (ata 5 puntos) (entre paréntese puntuación parcial polos diferentes conceptos expostos)

A empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL prevé unha posible redución do prazo das obras de 1,5 meses. (puntuación correspondente coa segunda maior redución de prazo ofertada, 3,75 puntos).

A empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. prevé unha posible redución do prazo das obras de 1 mes. (puntuación correspondente coa cuarta maior redución de prazo ofertada, 2,50 puntos).

A empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL prevé unha posible redución do prazo das obras de 1,5 meses. (puntuación correspondente coa segunda maior redución de prazo ofertada, 3,75 puntos).

A empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL prevé unha redución do prazo das obras de 2 meses. (puntuación máxima correspondente coa maior redución de prazo ofertada, 5,00 puntos).

A empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU considera un prazo de execución de 1,75 meses, polo que a redución do prazo das obras é de 1,25 meses. (puntuación correspondente coa terceira maior redución de prazo ofertada, 3,13 puntos).

A descrición das unidades e a organización dos traballos fan factible dita redución, sin que supoña unha merma na calidade das obras a executar.

	IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Fecha y Hora	21/06/2024 09:44:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Página	4/5





DEPUTACIÓN DE LUGO

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL neste aspecto é de 3,75 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. neste aspecto é de 2,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL neste aspecto é de 3,75 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL neste aspecto é de 5,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU neste aspecto é de 3,13 puntos.

CONCLUSIÓN

A xuízo do técnico que subscribe, e en base aos aspectos indicados no PCAP da licitación e á documentación achegada, fai a seguinte valoración da oferta técnica:

Empresa	actuacións	medios materiais	medios medioambientais	redución de prazo	Total
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	4,75	4,50	4,50	3,75	17,50
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	5,00	4,25	2,00	2,50	13,75
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	4,75	4,50	4,50	3,75	17,50
GRUPO BASCUAS 2008 SL	5,00	3,00	4,25	5,00	17,25
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	5,00	4,00	4,00	3,13	16,13

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento e a os efectos oportunos.

O enxeñeiro técnico de obras públicas autor do proxecto

José Fernández Parajes

	IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Fecha y Hora	21/06/2024 09:44:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XFXJSJR5YJOHKYMHGG3ZFIY	Página	5/5

